



### CONCELLOS

### MONDOÑEDO

#### Anuncio

#### DECRETO DE ALCALDÍA

#### **ASUNTO: nomeamento de membros DE Xunta de Goberno Local e delegación de competencias DE ALCALDÍA A ESTE ÓRGANO.**

Celebradas as Eleccións Locais o pasado 26 de maio de 2019 e unha vez constituída a nova Corporación en sesión celebrada en data 15 de xuño de 2019, de conformidade co artigo 38.d) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) o Decreto de Alcaldía nº 2019-0134 resolveu en data 20 de xuño sobre o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local deste Concello, no caso de ser ésta aprobada polo Pleno do Concello. O Pleno do Concello aprobou a súa existencia por acordo adoptado en sesión de data 24 de xuño de 2019. O antedito Decreto publicouse no BOP nº 151 de 3 de xullo de 2019.

Mediante escrito con R.X. nº 2020-E-RC-747 en data 28 de febreiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elena Candia López renuncia ao cargo de Alcaldía mantendo a condición de concelleira. Despois de que o Pleno tomara coñecemento da mesma en sesión de data 2 de marzo de 2020, tomei posesión como novo alcalde en sesión plenaria celebrada en data 9 de marzo de 2020.

De conformidade co establecido nos artigos 21.3º e 23.1º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL); 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG) e 43 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), por medio da presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Nomear como membros da Xunta de Goberno Local deste Concello, xunto a mín, como Presidente, aos seguintes Concelleiros electos:

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elena Candia López
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de los Angeles Rodríguez Rico
- D. José Otero Rejes

**SEGUNDO.-** En todo o demais se mantén o resolto pola Alcaldía mediante Decreto nº 2019-0134 de 20 de xuño.

**TERCEIRO.-** Dar conta ao Pleno na sesión que se celebre e notificar persoalmente ós/ás designados/as, publicando esta Resolución no Boletín Oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente resolución.

O manda e asina o sr. Alcalde, ante mín a Secretaria.

Mondoñedo, 9 de marzo de 2020.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0748

#### Anuncio

#### DECRETO DE ALCALDÍA

#### **ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE**

Celebradas as Eleccións Locais o pasado 26 de maio de 2019 e unha vez constituída a nova Corporación en sesión celebrada en data 15 de xuño de 2019, de conformidade co artigo 38.d) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) o Decreto de Alcaldía nº 2019-0133 resolveu en data 20 de xuño sobre o nomeamento dos Tenentes de Alcalde. O antedito Decreto publicouse no BOP nº 151 de 3 de xullo de 2019.

Mediante escrito con R.X. nº 2020-E-RC-747 en data 28 de febreiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elena Candia López renuncia ao cargo de Alcaldía mantendo a condición de concelleira. Despois de que o Pleno tomara coñecemento da mesma en sesión de data 2 de marzo de 2020, tomei posesión como novo alcalde en sesión plenaria celebrada en data 9 de marzo de 2020.

En uso das facultades atribuídas polos arts. 21.3 e 125 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG) e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Nomear aos seguintes Tenentes de Alcalde:

1º.- tenente de alcalde: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elena Candia López

2º.- tenente de alcalde: D<sup>a</sup> María Angeles Rodriguez Rico

3º.- tenente de alcalde: D. José Otero Rejes

Aos mesmos lle corresponderá ao abeiro dos arts. 23.3 da LBRL e 47.1 do ROF, substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións, e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que posibilite a éste para o exercizo das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde, de ser o caso.

**SEGUNDO:** Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicárase no Boletín oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente resolución.

O manda e asina o sr. Alcalde, ante mín a secretaria.

Mondoñedo, 10 de marzo de 2020.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0749

---

### *Anuncio*

#### **DECRETO DE ALCALDÍA**

**ASUNTO: nomeamento de Concelleiros delegados.**

Celebradas as Eleccións Locais o pasado 26 de maio de 2019 e unha vez constituída a nova Corporación en sesión celebrada en data 15 de xuño de 2019, de conformidade co artigo 38.d) do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) o Decreto de Alcaldía nº 2019-0132 resolveu en data 20 de xuño sobre o nomeamento dos concelleiros delegados. O antedito Decreto publicouse no BOP nº 151 de 3 de xullo de 2019.

Mediante escrito con R.X. nº 2020-E-RC-747 en data 28 de febreiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Elena Candia López renuncia ao cargo de Alcaldía mantendo a condición de concelleira. Despois de que o Pleno tomara coñecemento da mesma en sesión de data 2 de marzo de 2020, tomei posesión como novo alcalde en sesión plenaria celebrada en data 9 de marzo de 2020.

En uso das facultades que me confire o artigo 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril e de conformidade cos artigos 43,44 , 45 e 51 do ROF, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Manter as mesmas delegacións atribuídas mediante Decreto de alcaldía nº 2019-0132 de data 20 de xuño.

**SEGUNDO.-** Notificar persoalmente a presente resolución aos designados e remitir a Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo para a súa publicación no mesmo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución pola Alcaldía.

**TERCEIRO.-** Dar conta ao Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre aos efectos de cumprir o preceptuado no artigo 38 do ROF citado.

O manda e asina o sr. Alcalde, ante mín, a secretaria.

Mondoñedo, 10 de marzo de 2020.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0750

---

### O VICEDO

#### *Anuncio*

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

Por resolución da Alcaldía de 26 de xuño de 2019, delegáronse na Xunta de Goberno Local tódalas competencias legalmente atribuídas á Alcaldía (BOP nº 152), de 4 de xullo de 2019.

Considerando a necesidade da prestación dos servizos públicos do xeito máis seguro e a fin de restrinxir as posibles consecuencias da situación xeradas pola alarma sanitaria provocada polo COVID-19.

Considerando a conveniencia de centralizar a toma de decisións que se poidan adoptar nos diferentes ámbitos competenciais do Concello dada a situación provocada polo estado de alarma.

Visto o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente,

#### RESOLVE

1.- Avocar temporalmente durante o período de duración do estado de alarma sanitaria declarada as competencias delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local mediante resolución da Alcaldía de 26 de xuño de 2019.

2.- Rematado o período de alarma, estas competencias volverá a ostentalas a Xunta de Goberno Local, de conformidade coa resolución de delegacións efectuada pola Alcaldía con data 26 de xuño de 2019.

3.- A presente resolución surtirá efecto dende a data da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello.

4.- Notificar esta resolución ós membros da Xunta de Goberno Local e grupos políticos con representación na Corporación municipal.

O Vicedo, 15 de abril de 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0751